

Xosé Luís Franco Grande. *Entre o sí e o non*

Ramiro Fonte

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FONTE, RAMIRO (2011 [1994]). “Xosé Luís Franco Grande. *Entre o sí e o non*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 255-258. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1403>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FONTE, RAMIRO (1994). “Xosé Luís Franco Grande. *Entre o sí e o non*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 255-258.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Xosé Luís Franco Grande. *Entre o si e o non*
Vigo: Edicións Xerais de Galicia**

Ramiro Fonte

A edición crítica de *Entre o si e o non*, poemario publicado por Xosé Luís Franco Grande en 1967, debida a Vicente Araguas, é un bo motivo para abor-darmos, desde a perspectiva actual, algúns aspectos da poesía galega escrita nos anos sesenta. Se temos en conta, ademais, que outro poeta galego daquel tempo, Salvador García-Bodaño, viu publicada recentemente a súa *Obra poética*, cun pró- logo de Basilio Losada que, en certa medida, tamén tenta resituarse a poesía escrita naquela época, fica lexitimada, para nós, a oportunidade desta reseña nun anuario que, fundamentalmente, está atento á produción literaria actual. Sen embargo cremos que calquera delimitación da tarefa crítica no eido da literatura obriga a reler, desde o presente, as obras que son susceptibles disto, ben polos seus valores intrínsecos, ben por seren representativas dunha etapa. Eliot chamou a atención sobre o feito de que a tarefa do crítico emprenda unha revisión da literatura do pasado e estableza unha nova orde de poetas e poemas. Non se trata para nós de atribuírnos semellante autoridade ou responsabilidade, pero si acaso de suxerir e de abrir un tipo de relecturas que permitan, xa que pasou o tempo e o tempo debe ser xunto co público e a crítica o mellor xuíz, certa obxectivación.

Segundo a nosa opinión, o libro de Franco Grande cumpre estes requisitos, porque nel se expresa un tipo de poesía que se fixo na Galicia dos anos sesenta e está enmarcado nun máis que interesante contexto lírico. Na súa data de publica- ción, 1967, veu acompañado dunha moi boa colleita de libros de poemas. Non sei se foi indicado pola crítica coa énfase que merece a importancia que tivo esta data para a poesía galega, máxime nuns anos nos que a oferta editora de libros de poesía era ben escasa. Conxuntamente con este libro viron a luz na colección

Salnés da editorial Galaxia *Ao pé de cada hora* de Salvador García-Bodaño e *Palabra de honor* de Arcadio López-Casanova. E un libro moi próximo (o pé de imprenta é do ano anterior) que tamén deberíamos mencionar é *Profecía do mar* de Bernardino Graña. Estes poetas déranse a coñecer nas “Festas Minervais” de Santiago, publicaban nas páxinas de *La Noche* e formaban parte dun grupo de novos escritores que, en boa medida, deberían continuar o labor de restauración cultural e literaria que se establecera pola anterior xeración en activo (Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell...) á sombra da referencia moral indispensable de Ramón Otero Pedrayo. Franco Grande decidiu testemuñar en obras recentes aquel tempo. Testemuña lírica duns anos que el calificaría como escuros é, xustamente, este *Entre o si e o non*.

Arredor do ano 1967 prodúcese, como é de ver, unha interesantísima colleita de libros de poemas. Aínda sendo todos, coa excepción do de Graña, *óperas primas*, o ton e a dicción poética destes autores fica xa fixado e conseguido, e aquí temos que falar da excepción de López-Casanova que mudou de gramática e retórica na súa obra posterior. Segundo a nosa opinión estamos perante unha desas poucas encrucilladas que foi marcando a nosa poesía de posguerra, ata a chegada da transición que mudou completamente o panorama. A década dos 50, malia as inquietudes ambientais e os temores políticos, foi unha época propicia para a nosa poesía; a década dos 60 marca nesta data un punto de atención. Case me atrevería a dicir que arredor do ano setenta hai un antes e despois. Moi logo viría o ermo dos primeiros setenta e, finalmente, xa situados na democracia, un auténtico *big-bang* poético sobre o que, polo de agora, haberá que agardar que escampe un pouco, que o tempo e os lectores dicten sentenza para fixar as direccións auténticamente renovadoras, aínda que non é arriscado asegurar que está a definir un panorama totalmente novo.

Se focalizamos a atención nesta data de 1967 e se relemos a obra destes autores, podemos indicar que non era tan dominante como sempre se di a chamada *poesía social*, que tiña en Celso Emilio Ferreiro o seu máximo representante. O mesmo título de Franco Grande non deixa de ser significativo. Fronte ó *non* do ben coñecido poema de Ferreiro que comeza “Se dixese que si”, paradigma dunha poesía inconformista, Franco Grande quere situarnos nun terreo de dúbidas, buscando o matiz, fuxindo das grandes afirmacións dunha poesía que quería evidenciar as contradicións sociais e históricas. Fronte ás supostas verdades dunha práctica historicista da poesía, Franco Grande quere situarnos no dominio da subxectividade, nun terreo onde o eu semella perder pé sen poder atopar os asideiros precisos. A opción deste libro é unha poesía subxectiva, que quere enraizarse teimosamente nas contradicións do eu persoal. Este tipo de libros fainos pensar en certos períodos literarios nos que unicamente poden ser posibles as poéticas da soidade, do ensimesmamento no eu. A dúbida que escribe sobre o papel da convicción é o motor deste tipo de poéticas. En diversos momentos, a nosa poesía contemporánea semella repregarse en si mesma, e esta procura do territorio da insatisfacción semella ser síntoma do litixio entre o poeta e a sociedade.

Pero volvendo a aquela encrucillada do 67, debemos indicar que as obras destes autores non provocaron un auténtico relevo estético e xeracional, e, se cadra, isto foi debido á intermitencia do seu labor poético, pero tamén ós retos dun pequeno espacio socioliterario no que abundaba un libro de versos para ser tomada en conta unha nova voz poética. A poesía que se fixo despois deles non parte deles porque tampouco medrou, como cabía de agardar, o seu labor poético nunha direc-

ción continua e constante. A fins dos sesenta e comezos dos setenta a poesía galega semella estar nunha encrucillada da que, sen embargo, non nacen obras poderosas. Os altos e baixos da nosa literatura contemporánea non só dependen das condicións políticas senón das propias regras que moven o noso espacio socioliterario. Aquela, que debería ser unha época de esperanza, a xulgar polo ton de *Entre o si e non*, é unha época na que o poeta unicamente se pode facer cargo da súa soidade e das súas preguntas existenciais. Habería que agardar á aparición de *Con pólvora e magnolias*, que, baixo a coartada militante acobilla unha poesía escandalosamente novísima e culturalista, á relectura da obra poética de Cunqueiro, á reincorporación dunha das voces poéticas máis poderosas entre os autores que se deron a coñecer a fins dos 50, e refírome a Avilés de Taramancos e, ¿como non indicalo?, á aparición de autores educados nunha sensibilidade literaria máis ampla e axudados por un patrón cada vez máis perfilado de lingua literaria.

Á biografía literaria de Franco Grande sucédelle, como a outros membros da súa xeración, algo que indica Basilio Losada no prólogo á poesía de Bodaño antes citado: “Nunca se tiveron por mestres nin quixeron facer escola. Individualistas, desacougados, xenerosos, solidarios e lúcidos, mantiveron teimosos a individualidade da súa obra, de xeito que ó falar de ‘promoción dos sesenta’ referímonos máis ben a simplificacións cronolóxicas que a identidades estilísticas”. Cremos que estas palabras poden ser aplicadas a outras xeracións anteriores e posteriores, pero, segundo a nosa opinión, axudan a perfilar o retrato dun tipo de escritor que tamén se dá entre nós e que non se ten nin por mestre nin quere facer escola. Pero a produción literaria de Franco Grande, malia a distancia que semellaba marcar con respecto á súa produción poética, no se detivo. No ano 1987 publicou a súa poesía enteira baixo o título de *Herdo de memoria e tempo*, no que se recolle un poemario inédito *O tempo á espreita* e algúns poemas escritos polo autor como “Capitán Nemo” e o cernudiano “A Federico García Lorca, corenta anos despois”. A isto hai que sumar o seu labor como lexicógrafo e, sobre todo, como memorialista. Franco Grande, que é un tipo de poeta que sabe que a Memoria é unha das musas indispensables, dedicouse á reordenación dese territorio ético que conforman a memoria persoal e a memoria colectiva en dous máis ca sustanciosos volumes titulados *Os anos escuros* (1985) e *A ilusión da esperanza (De Cabanillas a Baixeras)* (1991).

Entre o si e o non é, ademais, un libro que recolle poemas escritos nun longo período de tempo, e isto tamén é un dato a ter en conta porque permite seguirlle o curso a un poeta. Xa situados na perspectiva actual cremos que o máis interesante de *Entre o si e o non* é a súa dicción discreta e serena. Non é frecuente que a poesía galega explore este terreo de dicción meditativa, atemperada, que se afasta, premeditadamente, das grandes manifestacións. Fixémonos que *Profecía do mar* de Bernardino Graña quería exercer un tipo de canto cósmico e vitalista, aproveitando os excesos e materiais expresionistas. Esta dicción meditativa de Franco Grande está conseguida mediante o emprego de metros tradicionais que, na súa combinación, van suxerindo un ritmo sereno e sen estridencias. Tamén nas disquisicións e preguntas de índole metafísica que articulan os poemas máis representativos do libro:

*¿Por qué non hei de dar-me no eido voso
e estar con vós a xeito
e te-lo reino meu nas vosas cousas?
¿Ou é que é tan só é meu o meu misterio?*

A poética de *Entre o si e o non* artículase desde un *eu* solipsista e fechado. O diálogo fica roto ou suplántase por un diálogo que só pode ser interior.

*O meu eido está en min,
alí onde nunca veñen os demais,
onde eu gorento as miñas boras longas,
o meu estar aquí sen máis ninguén.*

Esta é, pois, unha poética insular, repregada no *eu*, que procura establecer unha distancia co mundo e coas cousas.

*Quê dera ter unha insua
nalgures, non sei onde;
onde se volven ún
o mar e o ceo... lonxe!*

A asunción do libro solitario que quere evitar o diálogo (incluso co posible lector) di moito do estado de ánimo que movía ós nosos poetas naquel tempo. Este estado de ánimo ten, neste caso, a virtude de plasmarse nunha creación poética pero presaxia un decaemento que me atrevo a denominar xeracional nas apostas creativas. *Entre o si e o non* é un libro de soidade e saudade. O *eu* lírico encérrase nun comportamento saudosista sen obxectivos, en algo que procura e non atopa e que, ó cabo, unicamente amosa o seu dereito a facer as preguntas existenciais. A exhibición do *eu* é paradigmática. Estamos perante un intimismo de raíz rosaliana. Desa Rosalía solitaria, que é unha das referencias do poeta, tal como se pode ver no poema "A Rosalía":

*Muller:
Eu calo cando penso en ti
e nunca digo de alto os teus poemas:
eu digoos para min
e vólvenseme entón un prego meu.*

Este é un momento moi interesante de *Entre o si e o non* porque nel atopamos expresada a poética do libro. Os poemas de Franco Grande son poemas para dicir en voz baixa, nun ton medido, meditativo que, en embargo, ó non atopar saída vólvense en pregos persoais.

Hai outras zonas do libro máis acordes coa poesía galega daquela época: certa percepción da terra e da paisaxe que emparentaría con, entre outros, Uxío Novoveyra ou Xosé Díaz Castro pero cremos que, no fundamental, é a asunción dese ton meditativo, sereno, desa poesía dita en voz baixa, sen estridencias léxicas, sometida a unha ponderación rítmica e significativa onde se atopan algunhas características deste libro que atraemos hoxe a un contexto lírico sen dúbida moi diferente, pero que ha establecer, necesariamente, as súas cabezas de ponte con outros momentos anteriores.